
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2010	PE403A 2009/111-1
Entidade	CONFRARIA DE CAMELLE	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	EMBARCACIÓN	

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	De punta Morelo a punta Gallada
Subzonas de explotación	Zona A: de punta Gallada a sur da praia de Trece Zona B: de sur da praia de Trece a canle de Cabanas Zona C: de canle de Cabanas a peirao de Camelle Zona D: de peirao de Camelle a punta Morelo

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	54	117
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	130											
(*) Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	Rotación de zonas											
Modalidade⁽³⁾:	Dende embarcación											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	-	-	5 kg

Artes a empregar	Raspa ou rasqueta, segundo o artigo 124 do Decreto 424/1993
-------------------------	---

Puntos de control	Zona A: "Porto de Ríos" Zona B: "Porto de Rios" Zona C: "Porto da Lagoa" Zona D: "Porto de Camelle"
Puntos de venda	Lonxa do "Muro" en A Coruña e lonxa de Malpica
Accións a realizar⁽⁷⁾	Epocas probables⁽⁸⁾
	X F M A M X XI A S O N D
Rexeneración zonas improdutivas	
Zonas:	
	X F M A M X XI A S O N D

(*) Modificado por Resolución do 28 de maio de 2010 da Conselleira do Mar do recurso 1 potestativo de reposición



Extracción semente para resembrar																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
Sementeiras																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
Traslados																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
Rareos																				
Zonas:																				
Especies:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
Limpezas e arados																				
Zonas:																				
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D								
Outros																				

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: O plan presenta un listado cun total de 47 embarcacións e 68 tripulantes, cando conforme aos datos da Consellería o número de embarcacións co recurso percebe no seu permex asociadas á confraría de Camelle é de 54 con 117 habilitacións. Entre as embarcacións que non figuran no listado está o ".....", afundida e aportada como baixa, polo que deberá incluírse mentres non xurda (ou xurdan) a nova construción que poidan trasladar o recurso específico de percebe. Ademais desta, non figuran as embarcacións, que segundo a confraría renuncian á renovación deste recurso para o ano 2010.

Ampliación: A situación do recurso e a evolución negativa da produción nesta zona non aconsella acceder á ampliación solicitada.

Xestión da explotación: A explotación do ámbito do plan realizarase mediante a rotación das catro zonas de produción.

(*) Días máximos de extracción: O estudo da evolución da produción deste recurso nos últimos anos, desaconsella acceder ao incremento proposto do número de días máximos de extracción respecto do plan en vigor, polo que se mantén en 130 días ao ano.

Respecto ao calendario de explotación, o colectivo poderá elixir entre as tres opcións que se presentan.

- Establecer 1 mes para a redución do esforzo pesqueiro na zona
- Rotar as subzonas de produción, establecendo un descanso de 1 mes para cada unha delas

(*) Modificado por Resolución do 28 de maio de 2010 da Conselleira do Mar do recurso 2 potestativo de reposición



- Rotas as subzonas de produción, establecendo un descanso de 2 meses para cada unha delas. Esta última considérase a máis recomendable dende o punto de vista biolóxico e de cara á recuperación do recurso

Cota máxima de captura: As mesmas razóns que desaconsellan incrementar o número de días de extracción, desaconsellan acceder ao incremento proposto da cota máxima de captura, polo que queda fixada en 5 kg/ habilitación enrolado e a bordo/día.

Época probable de extracción: Establécese unha veda en toda a zona durante o mes de maio, a fin de recuperar o recurso.

Puntos de control e vixilancia: As normas de funcionamento, a organización e as persoas responsables dos puntos de control e das vixilancias están perfectamente definidas. O paso polos puntos de control e a realización de vixilancias é obrigatorio para tódolos participantes deste plan.

Horario: Neste plan recóllese que o horario de traballo será dende 1 hora e media antes a 1 hora e media despois da baixamar diúrna, ata as 17'00 h. Tendo en conta que este horario é máis restritivo que o recollido na Orde do 6 de marzo de 2000, pola que se regula a explotación de percebe como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, non existe inconveniente na súa aplicación.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Réxime disciplinario: O incumprimento das normas do plan dará lugar á apertura do correspondente expediente sancionador e, no caso de que o incumprimento sexa das normas referidas aos puntos de control ou por extraccións ilegais suporá a non inclusión no plan do ano seguinte. Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 que modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da aprobación do plan por parte da agrupación de percebeiros.